

## FORMACIÓN DO PAS

A Xerencia, tralo acordo de promocións internas asinado coa Xunta de Persoal do PAS para o cuadrienio 2016-2019, logo do acordo coa Comisión de Formación, resolve convocar un curso con 12 accións formativas, en liña, de apoio á preparación das probas selectivas para o acceso, por promoción interna en 2016, ás seguintes escalas de funcionarios: Facultativos de bibliotecas (A1), Axudantes de Bibliotecas (A2), Xeral de Xestión (A2), Xeral Administrativa (C1), Técnica de Especialistas-Conserxe (C1), Técnica de Especialistas- Conductor (C1), Técnica de Especialistas-Especialista de Correos (C1), Técnica de Especialistas-Socorrista (C1), Técnica de Especialistas-Mariñeiro (C1), Técnica de Especialistas-Especialista de Oficios (C1), Técnica auxiliar-Auxiliar de Servizos (C2), Técnica auxiliar-Telefonista (C2).

### 1. Destinatarios:

Poderá participar o persoal Funcionario de carreira de Administración e Servizos da UDC, que cumpra os requisitos para concorrer ás probas selectivas que se convoquen para o acceso aos corpos arriba sinalados, por promoción interna.

### 2. Organización do curso e datas de realización:

O curso comezará a partir do 1 de marzo rematando o 30 de xuño. Realizarase na modalidade *en liña*, a través da plataforma docente da UDC, Moodle, á que se accederá co usuario de servizos da UDC.

Na dita plataforma, poranse a disposición dos inscritos unhas unidades didácticas elaboradas para cada acción formativa, sen que sexan, en ningún caso, representativas do alcance das preguntas que poidan aparecer no proceso selectivo.

As distintas temáticas serán tuteladas polos responsables de cada unha delas, designados pola Xerencia, que apoiarán aos alumnos para a debida comprensión dos temas así como as preguntas ou cuestións que xurdan ao longo do curso. Para este efecto, os alumnos disporán dos foros correspondentes.

Nos meses de xullo e agosto suspenderanse as titorías, reiniciándose unha semana antes das probas de acceso.

En cada acción formativa iranse abrindo, progresivamente, bancos de preguntas tipo test por temática, acompañadas das correspondentes respostas.

### 3. Solicitudes:

1º. Será preciso conectarse á plataforma Moodle <https://moodle.udc.es/> co usuario de servizos da UDC, polo menos unha vez. (aínda que sexa sen actividade nela, basta coa conexión).


2º. As solicitudes de participación deberán presentarse a través do Portal de Persoal (Formación – Acción Formativa) no prazo **do 10 ao 17 de febreiro ás 14:00 h.**

### 4. Réxime académico:

Logo de comezar o curso, poderán ser excluídos/as aqueles/as funcionarios/as que non acrediten, no seu momento, estar inscritos/as nas probas que se convoquen para a promoción interna no 2016, así como aqueles/as que non resulten admitidos para participar nelas por carecer dos requisitos esixidos na convocatoria.

A Coruña, 10 de febreiro de 2016

O xerente,



Juan Manuel Díaz Villoslada